

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de outubro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de outubro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de setembro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RETIRADA DOS PREMIOS OURENSANÍA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción, manifestando dunha parte que o seu grupo cre que debe cancelarse este premio porque xa hai previstos premios e distincións suficientes na normativa vixente. Piden en concreto que na edición deste ano se suprima a viaxe institucional a Bos Aires e Montevideo para a entrega do premio, xa que cren que non ten sentido que se desprace unha comitiva oficial para a súa entrega, e o lóxico en todo caso sería que fosen os premiados os que se desprazasen a Ourense para recoller o premio, loxicamente pagando a Deputación os seus gastos de desprazamento. Sinala ademais que, sen prexuízo da moción do seu grupo, manifesta o seu recoñecemento ao labor das institucións premiadas nesta edición do premio Ourensanía.

O **presidente da comisión** manifesta o seu máximo respecto ás institucións premiadas e a aqueles que levan o nome da provincia de Ourense polo mundo.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que a súa moción non supón degradar o recoñecemento ás institucións premiadas, senón poñer de manifesto que por unha parte xa hai mecanismos de recoñecemento suficientes (fillo predilecto, fillo adoptivo, medalla de ouro) sen necesidade de inventar novos premios e, en todo caso, o que se critica é o desprazamento á sede das institucións premiadas para a entrega, indicando que sería algo tan absurdo como que a academia sueca se desprazase ao domicilio dos galardoados co premio *Nobel*.

O **presidente da comisión** di que o desprazamento se leva a cabo a solicitude das institucións premiadas.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1).

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, lembra o rogo formulado na comisión anterior polo seu compañeiro de grupo, Vicente Gómez García, para que a Deputación poña a disposición dos deputados os expedientes electrónicos, e que na dita comisión se pediu que se informase sobre esta cuestión.

O **presidente da comisión** di que se está analizando a forma de poder darlles acceso electrónico aos expedientes aos deputados.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, formula unha pregunta e un rogo, dicindo que estes días se publicou en prensa a noticia de que no municipio de Melón a Deputación subvencionou o arranxo dunha vivenda a unha familia, o que lle parece estupendo. Pregunta ao respecto se esa é unha subvención nominativa ou se forma parte dalgunha partida para ese tipo de finalidade, e formula un rogo para que se abra unha liña de axudas aberta a todas as persoas que estean nesa situación.

O **presidente da comisión** di que se lle dará toda a información ao respecto.

E, ás 17.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.